

ADEUS, GEORGIE

Por Luz Pozo Garza



» Ilustración de Francisco Sosa.

1

Vin de chorar o día da túa morte
era domingo e inda así chovía

pasaba unha gacela polo bosque
mais a brétema mesta nin levanta

abatíanse os astros
nun crepúsculo insomne

e un paxaro trilaba o carpe diem
mais eu nin escoitaba nin oía

pois viña dos espazos conmovidos
un coro mesmo onírico
desorbitando lirios e camelias...

2

Volvín moi triste ao pazo galiciano
e decidín seguir a Vía tântrica
ata o país que amabas cando adolescente...

A tarde declinaba lenta, lenta...

e un Anxo gardabosques
coidaba do recinto. aló na Gloria.
onde ti moras

Ti eras a iluminada e vaga sombra
que pasaba beatífica sen rozar auras
nin sistemas

a ler nun libro santo os davídicos
psalmos que consagran
alabanzas e oferendas...

cos ollos sans e salvos
da consciencia purísima

pois esa foi a túa penitencia
na outra Vida...

3

Talvez non me recordes
na dimensión actual en que derivas:

eu son aquela que algún día
quixo aludir á verdade da Rosa
e insinuar ao tempo o vértigo da Luz...

mentres un coro excelsis
soliviantaba órbitas

Agora saberás, querido Georgie:
somos a vibración que non acaba

onda en lago silente
paxaro sen retorno

cumpre coller a onda
cumpre escoitar o canto

a inmediatez divina
non hai lugar máis próximo

vemos anxos e lotos
vemos á xente humilde

salvar a Rosa tântrica
amor no corazón